

IMPORTANTE

NOTA DA EMPRESA: cada viaxe está feita e desenrolada con cariño e dedicación; para os que forma- mos este equipo, as viaxes son xentes doutras culturas, outras vilas e cidades, outras obras e segredos, outras costumes e outras tradicións, e propoñémolas como medio de escape das rutinas, traballos e ataduras diarias. Se non che gustan perdón, e perdón tamén a erros que poidamos ter nos destinos, nomes dos lugares, festas, etc. E sobre todo *Déixate viaxar!*

RELATIVO ÁS HABITACIÓNS: prezo por persoa en habitación dobre. Se vas só/soa e prefires habitación dobre, nós axudámosche a buscar ese compañeir@ para a habitación. Habitación individual ten suple- mento do hotel.

RELATIVO Ó INCLUÍDO: todas as viaxes inclúen autocar, xantar, aloxamento en pensión completa (nas viaxes de varios días), seguro de viaxe, guías-acompañantes e guías locais, visitas e entradas ós sitios que se mencionan.

RELATIVO ÁS RUTAS: as denominadas "rutas de sendeirismo" son sempre camiñadas que se van a facer por certos paraxes naturais ou lugares de interese dunha forma tranquila e sen dificultade, non son eventos deportivos. Cando estes recorridos teñen certas dificultades coma bastante costa ou pasa dos 10-12 km xa se indica. No inicio das camiñadas sempre se proporciona un pequeno refrixerio para o camiño.

RELATIVO A MÍNIMO DE RESERVAS: saírase sempre que haxa un mínimo de 30-35 persoas, según a viaxe.

RELATIVO ÓS AUTOCARES: a capacidade (tamaño) dos autocares, virá determinado polo número de viaxeir@s. Xeralmente son autocares de 55 prazas, pero en certas ocasións cando o número de viaxeir@s é bastante inferior, lóxicamente usaranse autocares de menor capacidade

RELATIVO A NEN@S: todas as viaxes son aptas para nen@s (menos de 12 anos), salvo que se indique o contrario, e levan un desconto, consultar.

RELATIVO O PRAZO DE RESERVA: prazo máximo de reserva para unha viaxe de varios días, será un mes antes e 15 días antes formalizado o pago. Prazo máximo de reserva para unha excursión dun día, será de 15 días antes, e 7 días antes formalizado o pago.

RELATIVO AS FORMAS DE PAGO: transferencia bancaria, tarxeta na web, tarxeta na oficina, efectivo na oficina, e por bizum (inda que esta forma non se aconsella por ser complicado realizalo pago ó ser bizum de empresas).

RUTAS DE RECOLLIDA: léase "Rutas de recollida"

ANULACIÓNS OU CANCELACIÓNS: Por causas de forza maior poderase cancelar unha viaxe e solicitar a devolución da cantidade correspondente según gastos a mais de 1 mes de realizar a viaxe (coa presentación da correspondente documentación que demostre as causas de forza maior). A menos de 1 mes da realización da viaxe, non corresponde a empresa a devolución de cantidade algunha. Enténdese causas de forza maio, aquelas que conleven enfermidade grave, accidente grave ou morte, do pasaxeiro ou dun familiar directo.